

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 2 de Maio de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.05 horas do día dous de maio de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(551).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións: ordinarias do 18 e 25 e extraordinaria e urxente do 27.04.2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(552).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

A)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 410/2010 P.A. DEMANDANTE: D. PEDRO VÁZQUEZ BOUZA. OBXECTO: ACCIDENTE DE AUTOMÓBIL. SENTENZA FIRME QUE ESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6422/111.

B)AUTO DO X. DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO. AUTOS P.O. 1157/2010. DEMANDANTE: D. ENRIQUE SUAREZ ALVAREZ. OBXECTO: ABOAMENTO DIFERENCIAS SALARIAIS COMO XEFE DO ARQUIVO. SENTENZA QUE NON É FIRME ESTIMA A DEMANDA INTERPOSTA. ESTA ASESORÍA XURÍDICA ANUNCIÓU A INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE SUPPLICACIÓN CONTRA A SENTENZA POR NON DESEMPEÑAR O INTERESADO AS FUNCIÓNS DE XEFE DO ARQUIVO. EXPTE. 6522/111.

C)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 6 DE MADRID. RC-A 75/2008 P.O. DEMANDANTE: AYUNTAMIENTO DE MURCIA. OBXECTO: SELECCIÓN DE CANDIDATOS PARA A UNIVERSIDADE DE VERÁN 2013. SENTENZA NON FIRME DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 4794/111.

D)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 504/2010 P.A. DEMANDANTE: C.P. MARTÍNEZ GARRIDO Nº 61 (EDIFICIO A PONTE). OBXECTO: LIQUIDACIÓN POR TAA DE AUGA MARZO-DECEMBRO 2005. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6323/111.

E)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 138/2010 P.O. DEMANDANTE: C.P. PLAZAS DE GARAJE DOCTOR CADAVAL 4. OBXECTO: RECLAMACIÓN POR FILTRACIÓNS. SENTENZA NON FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5964/111.

F)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 42/2009 P.O. DEMANDANTE: D. JOSE LUIS RIVEIRO DOS SANTOS. OBXECTO: CAIDA NA VÍA PÚBLICA. DESESTIMATORIA. APELACIÓN 4161/2010 TSXG, SALA DO C-A SECCIÓN 2ª. SENTENZA QUE ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO. EXPTE. 5068/111.

G)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 313/2010 P.A. DEMANDANTE: Dª MARIA ALONSO SUAREZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6295/111.

H)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 58/2011 P.A. DEMANDANTE: D. MIGUEL ANGEL CAMESELLE TEIJEIRO. OBXECTO: ESTACIONAMENTO INCORRECTO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6497/111.

I)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 284/2009 P.O. DEMANDANTE: U.C.P. MIGUEL FERNÁNDEZ PEDRERA. OBXECTO: RADAR. SENTENZA NON FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5399/111.

L)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 293/2010 P.O. DEMANDANTE: Dª MARIA NIEVES CANCELAS MARTÍNEZ. OBXECTO: CAIDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA NON FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6102/111.

M)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 49/2011 P.A. DEMANDANTE: Dª. DOLORES ÉLIDA HERMIDA GONZÁLEZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6481/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

3(553).- CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1362/25, 1456/24, 489/16 E 597/16.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa, do 20.04.11 e 26.04.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- Dª Apolonia Pérez Martínez. Expte. 1362/25.
- Dª Purificación López Abella. Expte. 1456/24.
- Dª Rosa Andrés Rodríguez. Expte. 489/16.
- D. Juan Hermida Castro. Expte. 597/16.

4(554).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 12.04.2011, POR ERRO NO IMPORTE DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO, SEGUNDO “CONVENIO EDUCACIÓN DE CALLE CON MÉDICOS DO MUNDO”. EXPTE. 60837/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Benestar Social, do 27.04.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, e co Rc de Intervención de data 25.04.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“1.-Aprobala concesión dunha subvención directa a entidade Médicos do Mundo, CIF G79408852, por un importe total de 68.000 euros, con cargo á partida 3133.4890001 -Convenio educación de calle con Médicos do Mundo-”.

5(555).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L., QUE REGULA O DESENVOLVEMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “ISTO FERVE”. CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN. EXPTE. 13050/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 23.03.11, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado de Cultura, co informe do letrado asesor do 11.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 19.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 8.000,00 € (oito mil euros) a TEATRO ENSALLE S.L.L. S.L.L., CIF: B36920247, para o financiamento do programa “Isto Ferve”, organizado por esta entidade, con cargo á partida 3340.470.00.04 “programación teatral convenio TEATRO ENSALLE S.L.L.”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se faculte ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

TERCEIRO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e TEATRO ENSALLE S.L.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Isto Ferve”

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA ISTO FERVE

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil dez.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, na súa calidade de administrador solidario , CIF: B36920247, e con enderezo na rúa Chile 15, 36202 da cidade de Vigo, que no sucesivo se denominará TEATRO ENSALLE S.L.L..

MANIFESTAN

Que TEATRO ENSALLE S.L.L., tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sala de teatro e academia de ensinanza de teatro.

Que TEATRO ENSALLE S.L.L. ven organizando desde o ano 2005 o programa “Isto Ferve”, amosando o máis experimental e arriscado das novas linguaxes escénicas, converténdose nun referente nas artes escénicas contemporáneas a nivel autonómico e estatal.

Que a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interese público e social do programa “Isto Ferve”, promovido por TEATRO ENSALLE S.L.L., complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 3340.470.00.04 “programación teatral convenio TEATRO ENSALLE S.L.L.”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.000,00 €, a favor de TEATRO ENSALLE S.L.L., CIF: B36920247.

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do programa “Isto Ferve”.

TEATRO ENSALLE S.L.L. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade TEATRO ENSALLE S.L.L., o Concello de Vigo e a dita entidade TEATRO ENSALLE S.L.L. conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a TEATRO ENSALLE S.L.L. pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino ao programa “Isto Ferve”.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 10.800,00 € (dez mil oitocentos euros). Os ingresos previstos por TEATRO ENSALLE S.L.L. para realizar este programa proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (8.000,00 €, 74,07 % do total), e de ingresos por billeteira e aportacións propias (2.800,00 €, 25,93 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O programa “Isto Ferve” ten lugar entre xaneiro e marzo do ano 2011 na sede do TEATRO ENSALLE S.L.L..

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE TEATRO ENSALLE S.L.L.

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, aluguer de espazos e gastos derivados do seu uso, se fose o caso, etc.).
2. Responsabilizarse da organización integral do programa “Isto Ferve”, de difundilo amplamente, dispoñer do espazo, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao TEATRO ENSALLE S.L.L..
4. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
5. Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural facilitándolle toda a información necesaria para que a páxina Vigocultura.org estea ao día da programación do TEATRO ENSALLE S.L.L., en particular do programa “Isto Ferve”.
6. TEATRO ENSALLE S.L.L. comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
7. A concesión da subvención a TEATRO ENSALLE S.L.L. implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

1. Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa “Isto Ferve” e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a TEATRO ENSALLE S.L.L. é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do programa “Isto Ferve”.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

TEATRO ENSALLE S.L.L. adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do programa “Isto Ferve”; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o TEATRO ENSALLE S.L.L., etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

TEATRO ENSALLE S.L.L. asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do programa “Isto Ferve”. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias TEATRO ENSALLE S.L.L., Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, TEATRO ENSALLE S.L.L. entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

TEATRO ENSALLE S.L.L. comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

TEATRO ENSALLE S.L.L. tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

TEATRO ENSALLE S.L.L. facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa “Isto Ferve” nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a TEATRO ENSALLE S.L.L. polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do programa “Isto Ferve”, por importe 8.000,00 € á finalización da realización do programación, trala aprobación pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a documentación xustificativa, dos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR O PAGAMENTO.-

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en todo caso antes do 30 de novembro de 2011.
- Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria-avaliación do programa “Isto Ferve”, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).
 3. Memoria de prensa.

4. Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.
 - Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por TEATRO ENSALLE S.L.L. para financiar a totalidade do programa “Isto Ferve”: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandaising, etc.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao programa “Isto Ferve”, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L., é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

TEATRO ENSALLE S.L.L. comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas por TEATRO ENSALLE S.L.L. para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura. Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Para estes efectos, no expediente consta un orzamento estimado de ingresos por importe total de 10.800,00 €. No caso de producirse modificacións ao respecto TEATRO ENSALLE S.L.L. Comunicará ao CONCELLO as modificacións, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou non do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.
O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2011.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ISTO FERVE

PRESUPOSTO

INGRESOS PREVISTOS

Departamento de Cultura do Concello de Vigo	8.000,00 €
Ingresos por billeteira	1.600,00 €
Aportación Teatro Ensalle	1.200,00 €
TOTAL	10.800,00 €

GASTOS

Gastos de manutención	800,00 €
Cachets de espectáculos	7.600,00 €
Gastos indirectos (alugueres, teléfono, web...)	2.000,00 €
Gastos de promoción e publicidade	400,00 €
TOTAL	10.800,00 €

6(556).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO

PARA O FUNCIONAMENTO DE ACTIVIDADES DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES. CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN. EXPTE. 13060/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 8.04.11 e ampliación da proposta con data 20.04.2011, conformado polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, co informe da Asesoría Xurídica de data 8.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 15.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 36.000 € (trinta e seis mil euros) á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, de acordo co documento presentado por esta entidade de 01 de febreiro de 2011, para o financiamento do funcionamento e actividades do Instituto de Estudos Vigueses correspondente ao ano 2011 con cargo á partida 3340.489.00.02 “Fundación Provigo – Instituto de Estudos Vigueses” que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo.

“SEGUNDO.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, para o desenvolvemento da actividade e funcionamento do Instituto de Estudos Vigueses axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2011, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da Fundación e do Instituto, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación.

A Fundación Provigo e a súa Área foi impulsada polo propio Concello e outras institucións (estatutos aprobados polo Pleno do Concello de Vigo do 28 de maio de 1992) co obxecto, entre outros, de realizar proxectos de estudo ou investigación dirixidos a coñecer a situación de Vigo e o seu entorno e actuar como grupo de opinión en relacións en defensa dos intereses de Vigo e do entorno que abarca a Fundación. O Instituto de Estudos Vigueses créase baixo o Padroado da Fundación Provigo e a súa Área (art. 1 do seu regulamento), co fin de fomentar, orientar e coordinar o labor investigador en diversas disciplinas e manifestacións que se refiran a Vigo e bisbarra; así mesmo informará peticións de organismos e entidades culturais (art. 2 do regulamento). A actividade e composición cualificada do Instituto de Estudos Vigueses confire un carácter singular á concesión da subvención, polo que non procede a concorrencia para o outorgamento desta subvención.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

“TERCEIRO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Provigo e a súa Área que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do funcionamento e actividades do Instituto de Estudos Vigueses en 2011.

“A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.”

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN
PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O FUNCIONAMENTO E
ACTIVIDADES
DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil once.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. José Francisco Armesto Pina, na súa calidade de Director Xerente da FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, e con enderezo na Praza de Compostela, 22 baixo, 36201 de Vigo, que no sucesivo se denominará A FUNDACIÓN.

MANIFESTAN

- O Concello de Vigo, a Fundación Provigo e a súa Área - Instituto de Estudos Vigueses tiñan asinado diversos convenios de colaboración nos que se definían as dependencias e medios cos que ía desenvolver o seu labor o mencionado INSTITUTO; así como outros convenios que permitiron o seu funcionamento e actividade.
- Coa finalidade de facilitar que o INSTITUTO poida desenvolver o seu labor no ano 2011 as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención para o seu funcionamento e actividades.
- D. Xesús López Carreira, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, sobre competencias delegadas e D. José Francisco Armesto Pina actúa na súa calidade de Director Xerente conforme á escritura de apoderamento nº 830 outorgada o 9 de xuño de 2009 pola FUNDACIÓN.
- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN para o desenvolvemento do funcionamento e actividades do INSTITUTO axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así

como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

- A FUNDACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención e de acordo cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

En consideración ao antes exposto, o CONCELLO e a FUNDACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada á FUNDACIÓN pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con data _____ con destino ao programa de funcionamento e actividades do INSTITUTO, órgano cultural da Fundación, correspondente ao ano 2011 que se detalla no Anexo, que comprende a totalidade dos conceptos e contías de funcionamento e actividades. As liñas xerais do programa do INSTITUTO consistirán, basicamente, en: edición e presentación de publicacións, actos do 20º aniversario do Instituto, Centro de Documentación da Historia de Vigo, subscricións, outras actividades e gastos de funcionamento.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 39.000 €. O INSTITUTO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 36.000 € (trinta e seis mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3340.489.00.02 “Fundación Provigo – Instituto de Estudos Vigueses” do vixente presuposto municipal; que supoñen o 92,31 % do total do presuposto.
- 3.000 € por venda de libros.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O INSTITUTO establecerá as datas e lugares concretos das actividades do seu programa e as comunicará ao Concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e a xefatura do departamento de Cultura, cunha antelación mínima de 15 días.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DA FUNDACIÓN EN RELACIÓN COA ACTIVIDADE DO INSTITUTO

1. Cumprir o programa obxecto de subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento.
2. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima.
3. Entregar á Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural 20 (vinte) exemplares das publicacións que realice o INSTITUTO durante o ano 2011; con carácter especial este fondo podería ampliarse para afrontar compromisos institucionais do Concello se se solicitan pola Concellería-delegada en escrito motivado.
4. Completar o fondo editorial do INSTITUTO na Biblioteca Central, na da Casa Galega da Cultura, biblioteca municipal Xosé Neira Vilas, Museo de Castrelos e Arquivo Municipal; no caso que o fondo estivese incompleto nestes organismos.
5. Emitir os informes que se lle poidan requirir polos órganos de goberno do Concello de Vigo sobre asuntos locais, en particular sobre a xustificación de inclusión ou cambios de nomes no rúeiro da cidade.
6. A FUNDACIÓN comunicará ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou do reintegro de contías aboadas. A alteración das

condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).

7. A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Mecanismos de asistencia técnica. Obrigas do Concello de Vigo-Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa do INSTITUTO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento do INSTITUTO; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que coa antelación necesaria se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo ao acordo de concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o INSTITUTO, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao INSTITUTO como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e o da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, figurará debidamente en tódalas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á FUNDACIÓN, INSTITUTO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓN.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións, elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

CALENDARIO DE PAGAMENTO.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FUNDACIÓN do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento do INSTITUTO no ano 2011, de acordo co seguinte calendario:

- a) unha primeira achega, por un importe do 25 % do total da subvención trala aprobación da achega do Concello de Vigo pola Xunta de Goberno Local e co correspondente convenio asinado;
- b) unha segunda achega, por importe máximo do 50 % da subvención durante o mes de setembro de 2011 ou dos meses despois da adopción do acordo e antes da liquidación en todo caso;
- c) unha terceira achega, polo importe pendente de tramitación antes do 30 de novembro de 2011, xunto coa liquidación.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas a FUNDACIÓN presentará:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- b) Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento do INSTITUTO relativo a cada un dos períodos antes citados, xunto co detalle dos gastos e ingresos. Achegaranse as facturas orixinais correspondentes ao importe solicitado para cada período.
- c) Certificación de estar ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidos pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo; ou declaración responsable ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 7/2007 de subvencións de Galicia.

Liquidación da subvención:

Para a liquidación da terceira achega, último pagamento da subvención, presentarase a seguinte documentación antes do 30 de novembro de 2011:

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO de Estudos Vigueses, adscrito á FUNDACIÓN, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos e que deberá incluír como mínimo:
Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
Memoria de prensa.
- c) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento e actividades do INSTITUTO, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

d) Detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos pola FUNDACIÓN para financiar a totalidade das actividades e funcionamento do INSTITUTO: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente ao obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarse ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Con cada solicitude de pagamento a FUNDACIÓN acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo os 20 (vinte) exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, esta circunstancia.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán ao funcionamento do INSTITUTO e aos gastos ocasionados pola actividade propia desta entidade para o cumprimento dos seus fins, o longo do exercicio 2011, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN para a actividade e funcionamento do INSTITUTO en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados.

A FUNDACIÓN comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as achegas económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de

Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2012.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciado convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

PROGRAMA-PRESUPOSTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES – 2011

INGRESOS				39.000
	Subvencións			
	Concello de Vigo	36.000		
	Venda de libros	3.000		
TOTAL	INGRESOS:.....			39.000
GASTOS				
	Gastos de funcionamento		6.500	
	Material de oficina	800		
	Comunicacións	3.200		
	Mantemento e reparacións	500		
	Subscricións	700		
	Asemblea CECEL	500		
	Varios	800		
	Programa editorial		23.000	
	Edición e presentación Boletín GLAUCOPIS N° XVI-2011	7.000		
	Colección libros de peto “Vigo na Memoria”	10.000		
	Edición e presentación libro sobre navegación e naufraxios no mar	6.000		
	20º Aniversario do Instituto de Estudos Vigueses		8.000	
	Publicacións e actividades relacionadas coa efemérides	8.000		
	Cetro de Documentación Histórica de Vigo		1.000	
	Artigos en PDF de Glauropolis para Web	500		
	Outros	500		
	Outras actividades culturais	500	500	
TOTAL	GASTOS:.....			39.000

7(557).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO, CO OBXECTO DE FINANCIAR O SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO CORRESPONDENTES AO ANO 2011. EXPTE. 13018/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 15.03.11, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, co informe do letrado asesor do 7.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 19.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 805.000,00 € (oitocentos cinco mil euros) á Fundación MARCO, CIF: G36909885, co obxecto de financiar o seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2011, con cargo á partida 3340.489.00.03 “Aportación Fundación MARCO”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Aprobar as condicións de concesión da subvención á Fundación MARCO. Segundo establece tanto a Lei Xeral de Subvencións como a Lei de subvencións de Galicia, a resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables. Neste sentido, considérase que o MARCO deberá asumir os seguintes compromisos e condicións:

1. OBXETO.-

A subvención do Concello de Vigo ao MARCO ten como obxecto financiar o seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2011.

2. CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN.-

A condición do MARCO como beneficiario da subvención deberá axustarse aos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; acreditando, a través dunha declaración incluída no expediente, non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación MARCO, para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei Xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación MARCO axústase ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo o desenvolvemento das actividades da Fundación MARCO, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu regulamento e cos Estatutos da Fundación MARCO (aprobados polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 29 de xullo de 2002), que foi impulsada polo propio Concello. Nos propios estatutos establécese que o Concello de Vigo, como entidade fundadora forma parte do Padroado e en virtude da súa aportación, adquiriu o compromiso estable no desenvolvemento da Fundación; enténdese que é a forma de levalo a cabo e contribuír ao sostemento do seu programa e funcionamento. Polo exposto, non procede a concorrencia competitiva en relación a esta subvención.

4. PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

O presuposto xeral do programa obxecto da subvención ascende a un total de 1.654.000 € (un millón seiscientos cincuenta e catro mil euros). Os ingresos previstos pola Fundación MARCO proveñen da subvención do Concello de Vigo (805.000 €, 48,66 % do total), e de outras subvencións ou aportacións públicas, privadas ingresos das actividades propias ou da asociación de amigos do MARCO (849.000 €, 51,33 %).

No vixente presuposto de gastos do Concello de Vigo de 2011 figura a partida 3340.489.00.03 “aportación Fundación MARCO” con unha dotación de 805.000 €.

5. GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán ao funcionamento da entidade e aos gastos ocasionados pola actividade propia desta para o cumprimento dos seus fins, ao longo do exercicio 2011, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos establecidos nestas condicións de subvención.

O MARCO é o titular e responsable de todas as actividades subvencionadas. Isto quere dicir que todos os gastos derivados da programación deberán ser asumidos pola Fundación, tanto de contratación, produción, material gráfico, comisariados, como de dereitos de propiedade intelectual ou calquera outro tipo que xenere un gasto. Asemade, todas as xestións derivadas da súa programación e funcionamento deberán ser xestionadas pola entidade subvencionada (solicitud de permisos, comunicacións, etc.). O Concello de Vigo non poderá asumir nin gastos nin xestións derivadas desta organización para o seu funcionamento.

6. IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

A subvención do Concello de Vigo ao MARCO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

O importe das subvencións ou axudas percibidas polo MARCO en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art. 17.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

O MARCO comunicará ao Concello de Vigo a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

7. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.-

1. Cumprir e organizar o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada polo MARCO, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, etc.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa desta subvención.
4. Comunicar ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

8. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DA CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DO CONCELLO DE VIGO.-

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades do MARCO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

9. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.-

A unidade xestora da subvención ao MARCO é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a Fundación MARCO informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento. En especial o MARCO obrígase a informar puntualmente ao departamento de Cultura do Concello de Vigo e coa antelación que se determine sobre a programación prevista, para incluíla na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención, poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

10. DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.-

O MARCO adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo do seu programa de actividades e funcionamento, incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o MARCO, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

O MARCO asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á entidade como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e o da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MARCO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

O MARCO comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar; harmonizando estes compromisos co respecto á liberdade de creación dos artistas.

O MARCO comprométese ademais á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓN.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

11. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación MARCO do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2011, tras a resolución da concesión adoptada pola Xunta de Goberno Local, de acordo co seguinte calendario:

- a) Unha primeira achega, por importe de 201.250 € tras a aprobación da subvención pola Xunta de Goberno Local.
- b) Unha segunda achega, por importe de 201.250 € antes do 30 de xuño de 2011 ou dentro dos dous meses seguintes á concesión.
- c) Unha terceira achega, por importe de 201.250 € antes do 30 de setembro de 2011 ou dentro dos catro meses seguintes á concesión.
- d) Unha cuarta achega, por importe de 201.250 € antes do 30 de novembro de 2011.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- b) Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados, xunto co detalle dos gastos e ingresos.
- c) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo; ou declaración responsable ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 7/2007 de subvencións de Galicia.
- d) Acreditación de ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. No caso de que algunha actividade dispoña de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas ao MARCO, o Museo achegará catro exemplares ao departamento de Cultura do Concello.

A primeira e a segunda achegas consideraranse pagamentos a conta da subvención outorgada.

Para o trámite da primeira achega:

Aportarase copia da póliza de seguro da colección fotográfica do Concello de Vigo depositada no MARCO, onde figurará como beneficiario o propio Concello.

Para o trámite da terceira achega:

Presentarase a documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación MARCO, relativo á liquidación do orzamento ordinario do ano anterior, do balance de situación, conta de resultados, etc. e certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade. Tamén se presentará o informe de auditoría externa previsto no apartado 4, do artigo 31 dos Estatutos, sen prexuízo daquelas outras auditorías ou controis que veñan esixidos pola natureza pública da subvención outorgada.

Para a liquidación da subvención:

Para a liquidación da cuarta achega, último pagamento da subvención, presentarase a seguinte documentación antes do 30 de novembro de 2011:

- 1) Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- 2) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación MARCO, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

Tamén se xustificará o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acordo de concesión da subvención e incluírá os detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos polo MARCO para financiar a totalidade das súas actividades e funcionamento e deberá incluír na xustificación o importe, a procedencia, a data dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

“A efectos de xustificar as condicións impostas e consecución de obxectivos da subvención outorgada, con cada solicitude de pagamento da subvención outorgada, a Fundación Marco presentará ao Concello de Vigo os seus estados contables, de tal forma que a) a información necesaria para determinar a contía da subvención poida deducirse directamente dos estados financeiros incorporados á información contable de obrigada preparación polo beneficiario; b) a citada información contable fora obxecto de auditoría conforme ao sistema previsto no ordenamento xurídico ao que estea sometido o beneficiario.”

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 75 % das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.”

12. MODIFICACIÓNS OU CANCELACIÓNS DO PROXECTO SUBVENCIONADO.-

O MARCO comunicará ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art. 17.4 da citada lei).

13. ACEPTACIÓN DE OBRIGAS.-

A concesión da subvención ao MARCO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

14. VIXENCIA E PRORROGABILIDADE.-

O presente acordo terá vixencia desde a data da súa aprobación até o 31 de decembro de 2011 e non é prorrogable.

15. RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.-

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación do presente acordo e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao eu cumprimento e desenvolvemento.

8(558).- ADXUDICACIÓN Á MERCANTIL IMESAPI, S.A. O SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS TÚNELES E PASOS INFERIORES DA CIDADE. EXPTE. 374/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 8.02.11, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 27.4. 2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar á mercantil IMESAPI,S.A. por procedemento aberto e ordinario para a contratación dun SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS TUNEIS E PASOS INFERIORES DA CIDADE DE VIGO,(EXPTE.374-440) por un prezo total de 934.926,75 euros (IVE incluído), o que supón unha porcentaxe de baixa do 20,00%.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

**9(559).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:
A)COVSA. EXPTE. 790/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 25.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a COVSA a fianza de 700 € constituída para responder das obras de ampliación de humanización da Avda. Marina Española xa que as obras foron recibidas mediante acta de 13.07.2011, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B)COVSA. EXPTE. 789/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 25.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a COVSA a fianza de 8.857,69 € constituída para responder das obras de humanización da Avda. Marina Española xa que as obras foron recibidas mediante acta de 13.07.2011, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

C)ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS. EXPTE. 3615/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 20.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS a fianza de 1.280 € constituída para responder da impartición cursos de alfabetización de adultos xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

D)OFFIS DEPOT. EXPTE. 3619/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 26.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a OFFIS DEPOT a fianza de 1.200 € constituída para responder da subministración de papel de fotocopiadora xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

E)OFFIS DEPOT. EXPTE. 3618/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 26.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a OFFIS DEPOT a fianza de 1.000 € constituída para responder da subministración de material de oficina xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

10(560).- NON ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DE TERREO EN BALSA-MATAMÁ, A PROPOSTA DE D. JOSE MANUEL MENACHO ALONSO, PARA DESTINO DE USO PÚBLICO. EXPTE. 19090/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe de Patrimonio, do 21.03.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

UNICO.- Non aceptar a doazón de terreo en Balsa-Matama, proposta por D. Jose Manuel Menacho Alonso, para o seu destino a uso público, ó non concorrer os presupostos legais necesarios para súa aceptación.

11(561).- DECLARAR LIQUIDADO O CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS E FORMACIÓN DO INVENTARIO SEPARADO DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO. EXPTE. 18135/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe de Patrimonio, do 29.03.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º- Declarar liquidado o contrato de asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do Inventario Municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do patrimonio municipal do solo, resolto por acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de setembro de 2004 por incumprimento da empresa adxudicataria SOLOPLAN S.L, coa cantidade xa aboada a esta polos traballos realizados e recepcionados correspondentes o primeiro prazo do prezo do contrato.

2º.- Dar traslado do presente acordo á entidade SOLOPLAN S.L e a Intervención Xeral do Concello.”

12(562).- AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CRISTO DA VICTORIA A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 8.05.2011 A III MEDIO MARATON INFANTIL DE COIA. EXPTE. 10388/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.04.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar á Asociación de Veciños Cristo da Victoria, a organizar o vindeiro domingo 8 de maio de 2011, a “**III MEDIO MARATON INFANTIL DE COIA**”, a saída está prevista ás 10.30 horas dende a rúa Marín e o percorrido será entre o tramo comprendido entre a rúa Marín e a zona dos volcáns, dita carreira rematará ás 13.30 horas aproximadamente ”

13(563).- AUTORIZAR AO CLUB CICLISTA CORUXO A ORGANIZAR O VINDEIRO 15.05.2011, O II TROFEO DE MINI-BTT-MONTES DE CORUXO. EXPTE. 10402/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.04.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar ao Club Ciclista Coruxo a organizar o vindeiro domingo 15 de maio de 2011, o **II Trofeo de Mini-BTT – Montes de Coruxo**, dito carreira se levará a cabo nas inmediacións do recinto das festas de Fragoselo (Coruxo), comezando ás 9.00 horas e rematando ás 14.00 horas.”

14(564).- AUTORIZAR A ANPA DO CEIP DE MOSTEIRO-BEMBRIVE A ORGANIZAR O VINDEIRO 29.05.2011, O XXXII CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE. EXPTE. 10426/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.04.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar A.N.P.A. do C.E.I.P. De Mosteiro Bembrive a organizar o vindeiro domingo 29 de maio de 2011, o XXXII Cross Escolar Mosteiro Bembrive, dito Cross comezará ás 9.00 horas, e rematará ás 13.00 horas, percorrendo varios camiños da parroquia, tanto a saída como a chegada será en dito colexio público”

15(565).- ABONO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A D^a. JUANA LAGO BOULLOSA E AO GIMNASIO AS SLNE., POLA CREACIÓN DE EMPRESAS CONCEDIDAS NO ANO 2010. EXPTE. 8222/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 20.04.11, conformado polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o abono da subvención concedida ao expediente 7447/77 a nome de dona Juana Lago Boullosa, e a o expediente 7537/77 a nome de Ximnasio As SLNE.

Dar conta ás persoas beneficiarias destas subvencións da excepcionalidade deste acto e lembrarlle a obriga do cumprimento estrito das Bases reguladoras e convocatoria ao efecto.

16(566).- NON ADMISIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA O ACORDO DENEGATORIO DA AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2010, POR NON CUMPRIR OS REQUISITOS ESIXIDOS. EXPTE. 8224/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 25.04.11, conformado polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Non admitir as alegacións presentadas contra o acordo denegatorio da Axuda municipal á creación de empresas 2010, por non cumprir os requisitos esixidos ou por non achegar a documentación precisa conforme ao establecido nas Bases reguladoras e convocatoria, das solicitudes seguintes:

- Expte. 7421/77: Javier González Blanco – VIGONZARA, SLNE.
- Expte. 7471/77: Jesús Martínez Rois.
- Expte. 7504/77: M^a Teresa Iglesias Liste–DIMPER IMPERMEABILIZACIONES Y RESTAURACIONES, S.L.
- Expte. 7505/77: San Nicolás Reformas, S.L.
- Expte. 7516/77: Josefina Elisabet Espadas Barajas.

17(567).- ABONO A CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. DA COTA DE AMORTIZACIÓN MAILLO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO NA RENOVACIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS E MAQUINARIA REALIZADO POLA EMPRESA DENDE O 1.04.2009 E 30.06.2010. EXPTE. 2974/252.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Limpeza, do 24.03.11, conformado pola concelleira delegada de Limpeza, co fiscalizado e conforme da xefa do servizo de Fiscalización do 15.04.2011, e co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Que lle Sexa aboado á empresa concesionaria o importe de 2.283.303,10€ ive engadido, incluído na partida non orzamentaria e correspondente ás 15 primeiras mensualidades da amortización financeira da inversión realizada na renovación dos medios materiais e maquinaria, previa a presentación da correspondente factura.

Deixar sen efecto o apartado c) do punto Quinto do acordo da Xunta de Goberno Local data 7 de xullo do 2009, no que se instaba á Intervención Xeral a efectuar unha atribución proporcional en contía “I” do saldo da conta non orzamentaria, mediante cargos ou adeudos á mesma para o seu ingreso a favor da entidade concesionaria.

18(568).- SEGUNDA PRÓRROGA A SOGAMA, S.A, POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DA CIDADE DE VIGO, ENTRE O 1.07.2011 E 30.06.2012. EXPTE. 2976/252.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 1.04.11, conformado pola concelleira delegada de Limpeza, co fiscalizado e conforme da xefa do servizo de Fiscalización do 14.04.2011, e co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a segunda prorroga para o período comprendido entre o 01-07-2011 ao 30-06-2012 do contrato para a prestación do servizo de tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos da cidade de Vigo do que é actual contratista SOGAMA, S.A.

O importe da prórroga será de 7.508.305,50 euros sen prexuízo das revisións de prezos que procedan no futuro, e se imputarán á partida 1620..2270016 “Verquido e tratamento do lixo SOGAMA” de acordo coa seguinte distribución: 3.754.152,75 euros no ano 2011 e 3.754.152,75 euros no ano 2012.

19(569).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTORIA A FAVOR DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, POLOS SERVIZOS PRESTADOS. EXPTE. 5294/551.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do interventor técnico no Mercado do Progreso, do 13.04.11, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, e co informe do Interventor Xeral do 20.04.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 21.234,10 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coa factura que se cita.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2011, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027 , polo importe de 21.234,10 €, correspondentes á factura seguinte:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5293/51	V	07 11	01/04/11	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 21.234,10 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso” do orzamento vixente.

20(570).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE VITRASA, S.A. POLO SERVIZO DE LANZADEIRAS Ó CUVI NOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2011. EXPTE. 79991/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, do 6.04.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, e co informe do Interventor Xeral do 20.04.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º .- APROBAR a indemnización substitutiva por convalidación das actuacións a favor da empresa Viguesa de Transportes S.L. por un importe de 122.454,03 y 139.420,12 €, polo servizo de transporte prestado á Cidade Universitaria, perante os meses de Xaneiro e Febreiro do presente ano, respectivamente, de conformidade coa Base 28ª de execución do Presuposto Xeral para o exercicio 2011, con cargo á partida 4410.470.00.00 - ”Subvención Lanzadeiras”.

2º.- RECOÑECER a débeda a favor de “VITRASA” por un importe total de 261.874,15 €, polos conceptos antes indicados, e con cargo á partida 4410.470.00.00 - ”Subvención Lanzadeiras” do Presuposto Xeral vixente.

21(571).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L., POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2011. EXPTE. 5894/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 11.04.11, conformado pola concelleira delegada, e co informe do Interventor Xeral accidental do 25.04.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2011 por importe de 72.516,33 €.

Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 72.516,33 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 1710.210.00.01

22(572).- ENAXENACIÓN PARA CHATARRA DE DIVERSOS VEHÍCULOS E MAQUINARIA. EXPTE. 8352/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 15.04.11, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Enaxenación para chatarra dos seguintes vehículos e maquinaria :

Matrícula	Tipo	Antigüidade
PO-2778-O	Camion	1981
PO-3869-O	Camión	1981
PO-6620-AS	Camión	1992
PO-6944-AV	Turismo	1994
PO-4215-BD	Turismo	1997
PO-1650-U	Furgón	1984
PO-6700-AH	Camión	1990
Ausa	Dumper	1996
Generador (005)	Bombeo	1996
Generador (006)	Matacas	1989
Lebrero	Rodillo	2001
Bético	Compresor	1988

23(573).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. POLOS SERVICIOS TÉCNICOS PARA O CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL DURANTE O MES DE MARZO DE 2011. EXPTE. 6137/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 5.04.11, conformado polo delegado da área, e co informe do Interventor Xeral do 20.04.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga por importe de 10.619,97 euros (IVE incluído) a favor da empresa VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, co CIF B36917201 pola prestación de servizos técnicos para o Centro de Artesanía Tradicional durante o mes de marzo de 2011, segundo a súa factura nº 16 de data 31/03/2011, presentada no Rexistro Xeral o 01/04/2011 (nº doc. 11004217).

2º.- Imputalo á partida 3360.2279901 Coordinación e monitoraxe C. Artesanía e C. Cesteiro dos orzamentos municipais do ano 2011.

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación algunha para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

24(574).- RECOÑECEMENTO DA OBRIGA CONTRAIDA POR ESTA ADMINISTRACIÓN A FAVOR DUN INSPECTOR DA POLICÍA LOCAL, EN CONCEPTO DE INDEMNIZACIÓN DE GASTOS DAS VIAXES POLO USO DO SEU VEHÍCULO PARTICULAR EN COMISIÓN DE SERVIZO PARA A ASISTENCIA AOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS. EXPTE. 34640/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente-xefe da Policía Local, do 1.04.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, e co Rc da Intervención Xeral do 18.04.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer a presente obrigación e ordenar o pago de 470,91 € con cargo á partida 1320.2310000 (gastos desprazamento persoal), a favor do funcionario de policía D. Francisco Javier Álvarez Ferreira, con posto de traballo de Inspector (denominación actual da anterior categoría de Sarxento) e nº de persoal 76473, en concepto de indemnización polos gastos que, conforme a dereito, se derivan das comisións de servizo orixinadas polas súas comparecencias ante os seguintes Xulgados da cidade de Vigo: Instrución nº 3, no Xuízo de Faltas 1177/2007 ás 10:20 horas do día 31 de outubro de 2007; Penal nº 1, no Procedemento Abreviado 341/2007 ás 12:00 horas do día 29 de novembro de 2007; Penal nº 2, no Procedemento Abreviado 223/2007, ás 10:15 horas do día 12 de decembro de 2007; Instrución nº 6, no Xuízo de Faltas 420/2007, ás 10:50 horas do día 16 de novembro; e Instrución nº 6, no Xuízo de Faltas 420/2007, ás 10:50 horas do día 19 de decembro de 2007, tendo que dispor do seu vehículo particular para a asistencia a todos eles.

Tódalas comparecencias ante os diferentes Órganos Xurisdiccionais son por feitos relacionados coa súa actuación profesional.

25(575).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL, SEN SER OFICIAL, DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE 2011. EXPTE. 21940/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.04.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Parque Central, Parque Móbil, Cultura, Desinfección, Protección Civil, Sanidade, Xuventude e Limpeza, Educación, Tráfico e

Patrimonio Histórico, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 5.241'22 € correspondentes ó 1º trimestre de 2011 e con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

26(576).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE REDUCCIÓN DE XORNADA DE Dª MARIA ANGELES LANDÍN LORENZO. EXPTE. 21961/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión Municipal do 25.03.2011, a proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos da mesma data, que di o seguinte:

“A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral 10 de marzo de 2011 (doc. núm. 110029572), Dª María de los Angeles Landín Lorenzo, con DNI nº 36.091.654-P e nº persoal 81470, auxiliar administrativa adscrita á Área de Benestar Social, solicita se lle conceda unha redución de xornada coa correspondente diminución proporcional do seu salario, consistente na metade do seu horario laboral (de 08,00 a 11,30 horas), para o coidado dun fillo.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

Segundo.- Dita petición é informada favorablemente pola Xefa do Servizo de Benestar Social, con data 24 de marzo de 2011.

Por isto, a funcionaria que subscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Area de Xestión municipal a adopción da seguinte resolución:

“Autorizar a redución de xornada de Dª María de los Angeles Landín Lorenzo, con DNI nº 36.091.654-P e nº persoal 81470, auxiliar administrativa adscrita á Área de Benestar Social, consistente na metade do seu horario laboral (de 08,00 a 11,30 horas), con efectos a partir do 1 de abril de 2011, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

27(577).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE REDUCIÓN DE XORNADA DE D^a MARIA ISABEL IGLESIAS LÓPEZ. EXPTE. 21960/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión Municipal do 31.03.2011, co ou fe do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, que di o seguinte:

Con data 29 de marzo ppdo., foi autorizada á funcionaria interina, con praza e posto de Auxiliar de Administración Xeral, adscrita ao Servizo de Benestar Social, unha redución de xornada para coidado de fillo menor de 12 anos, D^a MARIA ISABEL IGLESIAS LÓPEZ, con DNI nº 35.454.450-L e nº persoal 80647, non facendo constar a interesada, a franxa horaria na que solicitaba dita redución, polo que lle foi concedida en horario comprendido entre as 08,00 e 11,30 horas, indicando no Servizo de Recursos Humanos que a que lle interesa é a de 11,30 a 15,00 horas.

Polo exposto, procede a adopción da seguinte

R E S O L U C I Ó N:

“Modificar a resolución de data 29 de marzo ppdo., pola que se autorizou a D^a MARIA ISABEL IGLESIAS LÓPEZ, con DNI nº 35.454.450-L e nº persoal 80647, a redución de xornada , adscrita ao Servizo de Benestar Social, facendo constar que a mesma debe ser no horario comprendido entre as 11,30 a 15,00 horas.”

A presente resolución notifíquese á interesada, Xefa do Servizo, Intervención Xeral, Recursos Humanos e dese conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

28(578).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2011. EXPTE. 21944/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 11.04.11, conformada polo xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Marzo	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	518,58	59,84	578,42

Alcaldía (oficina)	Marzo	Abalde Comesaña, Raquel	313,56	0,00	313,56
Limpeza	Marzo	Arango Fernández, Luciado a Hermita Sanmartín, Juan José	241,20	418,88	660,08
Policía Local	Marzo	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	41.164,81	27.625,68	68.790,49
Parque Central	Marzo	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	996,96	758,88	1.755,84
Parque Móbil	Marzo	De Alonso González, Angel a Vulcano Ferreyra, J. Genaro	913,55	1.175,04	2.088,59
Tenencia Alcaldía	Marzo	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	209,04	43,52	252,56
Desinfección	Marzo	De Pardellas Aviión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	192,96	174,08	367,04
Museo	Marzo	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	291,47	0,00	291,47
Extinción Incendios	Marzo	De Abreu Torres, Francisco J. A Veiga García, Rubén	1.274,34	51,68	1.326,02
Cemiterios	Marzo	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.331,64	0,00	2.331,64
Cultura	Marzo	De Vaqueiro Herbello, Teresa	20,10	0,00	20,10
IMD	Marzo	De Rodriguez Presas, Julio	87,43	36,72	124,15
Montes, Parques e Xardíns	Febre/ Mar	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	2.564,76	1.425,28	3.990,04
TOTAL			51.120,40	31.769,60	82.890,00

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 82.890,00 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

29(579).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2011. EXPTE. 21929/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 8.04.11, conformada polo xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de MARZO-2011, e que ascenden a un total de 649’46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

30(580).- PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2011. EXPTE. 21931/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 8.04.11, conformada polo xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de marzo de 2011, e que ascenden a un total de 1.175'72 €, con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

31(581).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR TRABALLAR OS DÍAS 24 E 31 DE DECEMBRO DE 2010 DE D. SERGIO FERNÁNDEZ ESTÉVEZ E DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 21928/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 8.04.11, conformada polo xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñecer e aboar ó persoal que figura nas relacións que a continuación se indican as cantidades que figuran para cada un deles e que ascende a un total de 6.123,63 €, por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2010 e 1 de xaneiro de 2011.

SERVIZO	RELACIÓNS	IMPORTE
CEMITERIOS	De Sergio Fernández Estévez	130,29 €
BOMBEIROS	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	5.993'34 €

32(582).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS CON MOTIVO DE SERVIZOS DE GARDA E ESCOLTA DE HONOR EN CERIMONIAS (POLICÍA LOCAL). EXPTE. 21935/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 11.04.11, conformada polo xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da da “Entrega de Galardóns a los Vigueles Distinguidos”, inauguración Auditorio e Palacio de Congresos “Mar de Vigo” e “Día da Reconquista”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relacións que se achegan e que comezan por don Manuel Barcia Rivera e rematan por don David Suárez Piñeiro por unha cantidade total de 1.422’84 €.

33(583).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2011. EXPTE. 21936/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 11.04.11, conformada polo xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 1º TRIMESTRE-2011, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Angel Alonso González remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascenden a un total de 3.269’69 € (tres mil douscentos sesenta e nove euros con sesenta e nove céntimos) con cargo ao RC 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”

34(584).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DE D. FLORENTINO PRIETO DOMÍNGUEZ (PARQUE MÓBIL) CORRESPONDENTE A MARZO 2011. EXPTE. 21934/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 11.04.11, conformada polo xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertederos incontrolados da Cidade, as cantidades que figuran na relación que se achega de don Florentino Prieto Domínguez, e que ascende a un total de 45’40 euros, correspondente ao mes de Marzo de 2011 con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

35(585).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AOS MESES DE FEBREIRO E MARZO 2011. EXPTE. 21930/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 9.03.11, conformada polo xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes aos meses de febreiro e marzo-2011 e que ascenden a un total 1.466’40 € (MIL CATROCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

SERVIZOS XERAIS

36(586).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DA HUMANIZACIÓN DA RÚA ASTURIAS “CUSTE CERO”. EXPTE. 884/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 27.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 Coste cero do Proxecto de Humanización da Rúa Asturias, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 25 de abril de 2011.

TURISMO

37(587).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE POOL POLA ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BILLAR POOL EN VIGO, XUÑO 2010. EXPTE. 3833/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 4.03.11, conformado polo concelleiro da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, e co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 8.04.2011, e co informe do Interventor Xeral Accidental, do 25.04.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da Confederación española de Pool, con CIF G82561317, en relación os gastos de gastos de coordinación, planificación e promoción da XI edición do Campionato de España de Billar Pool, polo importe de 100.000 €, IVE incluído, acorde ca facturas nº A/917 de data: 31/12/2010.”

38(588).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA “APR A-3-37 TOMAS PAREDES-1”. EXPTE. 5023/401.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14.04.11, conformado polo director da oficina de Planeamento-Xestión, e co acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 28.04.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a operación xurídica complementaria do proxecto de compensación da APR A-3-37 Tomás Paredes-1 con aprobación definitiva por acordo da Xunta de Goberno Local do 30.08.2009, de conformidade coa documentación presentada con entrada no Rexistro da XMU en datas 18.02.2011 (doc. 110019806) e 13.04.2011 (doc. 110050440).

SEGUNDO: Requerir á Xunta de Compensación para que proceda á inscrición da presente operación xurídica complementaria no Rexistro da Propiedade, de conformidade co disposto no artigo 6 do RD 1093/1997.

TERCEIRO: Comunicar aos interesados no expediente que contra o presente acordo cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, en ambos a contar dende o día seguinte a súa notificación.

CUARTO: Remítase copia deste acordo á Oficina de Patrimonio do Concello para o seu coñecemento e efectos en relación cos predios de carácter demanial obxecto de cesión a esta Administración: viario (Cesións de viario 1 e 2) e zonas verdes (Parcelas M.1 P.1 e M.2 P.1).

39(589).- PROXECTO DE CONVENIO PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA. EXPTE. 3101/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Xuventude, do 14.03.11, conformado pola concelleira de Xuventude, e co informe do letrado asesor do 23.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 14.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO:”Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO:Aprobar o gasto de 25.000 euros a favor da entidade Asociación Hoy por Mañana, N.I.F. G-36.806.917. con cargo á partida 3370.489.00.03 do vixente orzamento.

TERCEIRO:Que se libre a cantidade de 12.500 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, Iolanda Veloso Ríos para a sinatura do presente convenio”

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra parte, Dña. Elena Elvira Piñeiro García, con D.N.I.11.395.179-J en representación do Asociación Hoy por Mañana, C.I.F. G-36.627.495 e enderezo social en R/ Sagunto, 86 , na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3101/336

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Hoy por Mañana ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Hoy por Mañana, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convínente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que a Asociación Hoy por Mañana a única entidade que desenvolve na Rúa Sagunto, 86, no Calvario, este programa de Ludoteca dun xeito continuado dende 1.999 e conta con instalación adecuada e con capacidade organizativa para afrontar este actividade que ten un claro interese publico e zonal

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Hoy por Mañana non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3101/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Hoy por Mañana, o Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Hoy por Mañana comprométese a colaborar coa Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo en canto a desenvolvemento da actividade de Ludoteca e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo.

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

6º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Aboar á Asociación Hoy por Mañana a cantidade de 25.000 € (VINTECINCO MIL) **EUROS** pola organización e desenvolvemento do programa concretado nunha Ludoteca durante o ano 2011, con cargo á partida 3370.489.00.03 “ Subvención Ludoteca Asociación Hoy por Mañana ” do orzamento en vigor.

3º.- Conceder directamente á Asociación Hoy por Mañana unha subvención por importe de 25.000 € co obxecto de coadjuvar á financiación da actividade de ludoteca destinada a nenos e nenas de 4 a 10 anos como mínimo, que se desenvolverá de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 17:00 e 20:00 hs, e en xullo de 9:30 a 13:30 hs

Co obxecto de tratar de conciliar a vida laboral coa familiar, tentarase adaptar o horario de prestación da actividade ás necesidades das familias en período de vacacións escolares.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Hoy por Mañana deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.500 €) e outro do 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

Quinto.- (Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución).

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade Asociación Hoy por Mañana debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas Asociación Hoy por Mañana, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Asociación Asociación Hoy por Mañana, no prazo de 2 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a Asociación Hoy por Mañana solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Hoy por Mañana deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2011.

A Asociación Hoy por Mañana deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude . O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A Asociación Hoy por Mañana deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a Asociación Hoy por Mañana da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Asociación Hoy por Mañana está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Hoy por Mañana poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu

regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo,

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

40(590).- MODIFICADO Nº 1 “COSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RUA RAMON NIETO, FASE 1. EXPTE. 890/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 29.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 Coste cero do Proxecto de Humanización da **Ramón Nieto, Fase 1**, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 29 de abril de 2011.

41(591).- MEMORIA VALORADA DO EXPEDIENTE “INSTALACIÓN DE SISTEMA DE REGO NOS XARDÍNS DO BULEVAR DA GRAN VIA”. EXPTE. 6027/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do xefe de servizo de Parques e Xardíns, do 2.05.11, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobación de Memoria valorada do expediente 6027/446 “**INSTALACIÓN DE SISTEMA DE REGO NOS XARDÍNS DO BULEVAR DA GRAN VÍA** ”

42(592).- MEMORIA VALORADA DO EXPEDIENTE “AXARDINAMENTO DAS CABECEIRAS DO BOULEVARD DE GRAN VIA E ILLAS CANARIAS”. EXPTE. 6028/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do xefe de servizo de Parques e Xardíns, do 2.05.11, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

- **Aprobación de Memoria valorada do expediente 6028/446 “AXARDINAMENTO DAS CABECEIRAS DO BOULEVARD DA GRAN VÍA E ILLAS CANARIAS ”**

43(593).- SOLICITUDE DE SUBVENCION Á SECRETARA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN AS AXUDAS E SUBVENCIONS A ENTIDADES LOCAIS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE. EXPTE. 4959/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 28.04.11, conformado pola concelleira de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a concellería de Igualdade por un importe total de 65.000,00 €, en base ao disposto na Resolución do 5 de abril de 2011, da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade (DOG nº 71 do 11 de abril de 2011), distribuído do seguinte xeito:

Programa de coeducación. Orzamento: 12.800,00 €. Axuda solicitada: 5.000,00€

Programa de asistencia psicolóxica a fillos e fillas de mulleres maltratadas. Orzamento:10.852,00€. Axuda solicitada: 5.000,00€.

Servizo de atención domiciliaria á Infancia. Orzamento:151.860,00€. Axuda solicitada: 10.000,00€

Axuda ao mantemento de emprego estable do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Orzamento: 167.689,40 €. Axuda solicitada: 45.000,00€

2º Comprometer ao Concello de Vigo, a través da concellería de Igualdade a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte subvencionado para a súa completa realización.

3º Designar á xefa do servizo municipal de igualdade Dna. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade que se desprenden da devandita Resolución do 5 de abril de 2011”

44(594).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE POLICIA LOCAL, A ASPIRANTE Dª ANA BELEN COSTAS FERNANDEZ. EXPTE. 21980/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 2.05.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Nomear funcionaria de carreira con cargo a prazas vacantes de Policía Local (quenda Mobilidade Horizontal), a aspirante dona Ana Belén Costas Fernández, con D.N.I. nº 36.069.840-K con motivo da renuncia presentada por don Antonio Martínez Rocha con data 28 de abril dos actuais; seguinte na lista definitiva do órgano de selección designado para a provisión de 6 prazas de Policía Local (quenda mobilidade horizontal), e de conformidade coa correspondente á Oferta de Emprego Público 2008, toda vez que se acredita segundo acta de data 6 de abril de 2011.

Segundo.- De conformidade co disposto na base XVI das Xerais, a aspirante nomeada deberá tomar posesión da súa praza como funcionaria de carreira no prazo dun mes a contar dende a recepción do presente acordo, significándose que, se non o fai sen causa xustificada será declarada en situación de cesante e, consecuentemente, decaída no seu dereito a ser nomeada funcionaria de carreira por falta de materialización da toma de posesión no prazo outorgado para o efecto”.

45(595).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.10 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.